- a) No rexistro electrónico do Concello ou Organismo ao que se dirixan, así como nos restantes rexistros electrónicos de calquera Administración pública.
- b) Nas oficinas de Correos, na forma que regulamentariamente se estableza.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

c) Nas representacións diplomáticas ou oficinas consulares de España no estranxeiro.

d) Nas oficinas de asistencia en materia de rexistros.

e) En calquera outro que establezan as disposicións vixentes.

5. A presentación e o tratamento da documentación no Rexistro efectuarase nos termos establecidos no art. 31 do RD 203/2021 de 30 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos.

**Artigo 39. Cómputo de prazos nos rexistros.**

1. O Concello publicará na súa sede electrónica de acceso ao rexistro electrónico, o calendario de días inhábiles que será o único calendario que se aplicará a efectos do cómputo de prazos nos rexistros electrónicos. Así mesmo, publicaranse os días e o horario no que permanecerán abertas as oficinas de asistencia en materia de rexistros garantindo así o dereito dos interesados a ser asistidos no uso dos medios electrónicos.

2. O rexistro electrónico do Concello e as súas entidades e organismos dependentes ou vinculados rexerá a efectos de cómputo dos prazos, pola data e hora oficial da sede electrónica de acceso, que deberá contar coas medidas de seguridade necesarias para garantir a súa integridade e figurar de modo accesible e visible.

3. Para os efectos do cómputo de prazo fixado en días hábiles, e no que se refire ao cumprimento de prazos polos interesados, a presentación nun día inhábil entenderase realizada na primeira hora do primeiro día hábil seguinte, salvo que unha norma permita expresamente a recepción en día inhábil.

4. Cando unha incidencia técnica imprevista ou unha actuación planificada necesaria de mantemento técnico imposibilite o funcionamento ordinario do sistema ou aplicación que corresponda ao rexistro electrónico, o Concello e os seus organismos dependentes ou vinculados poderá determinar unha ampliación dos prazos non vencidos, debendo publicar na sede electrónica tanto a incidencia técnica acontecida ou aviso previo de non dispoñibilidade planificada, como a ampliación concreta do prazo non vencido.

**Artigo 40. Documentos achegados polos interesados ao procedemento administrativo.**

1. Os interesados deberán achegar ao procedemento administrativo os datos e documentos esixidos, tanto no seu inicio como na súa tramitación, así como calquera outro documento que estimen conveniente. Os interesados responsabilizaranse da veracidade dos documentos que presenten.



### Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

2. A sede electrónica do Concello conterà, para cada un dos procedementos administrativos, a relación simplificada e actualizada de datos e documentos que os interesados deberán achegar no momento da presentación da súa solicitude no rexistro electrónico.

3. O Concello non esixirá aos interesados a presentación de:

a) Documentos orixinais, salvo que, con carácter excepcional, a normativa reguladora aplicable estableza o contrario.

b) Datos ou documentos non esixidos pola normativa reguladora aplicable.

c) Datos ou documentos que sexan achegados anteriormente polo interesado a calquera Administración nese caso o interesado deberá indicar en que momento e ante que órgano administrativo presentou os citados documentos.

d) Documentos que sexan elaborados por o propio Concello ou por calquera outra Administración (de darse as condicións para as consultas interadministrativas).

4. A administración actuante poderá consultar ou solicitar os documentos que obran en poder doutra Administración salvo que conste no procedemento a oposición expresa do interesado ou a Lei aplicable requira o seu consentimento expreso. Non caberá a oposición cando a achega do documento se esixise no marco do exercicio de potestades sancionadoras ou de inspección.

Excepcionalmente, se o Concello non puidese solicitar os citados documentos, poderá solicitar novamente ao interesado a súa achega.

5. Excepcionalmente, cando o Concello solicitase ao interesado a presentación dun documento orixinal e este estivese en formato papel, o interesado deberá obter unha copia auténtica con carácter previo a súa presentación electrónica. As copias auténticas poderán obterse mediante os funcionarios habilitados para o efecto nas oficinas de atención cidadá, que actuarán como oficinas de asistencia en materia de rexistros, ou mediante procesos de actuación administrativa automatizada aprobados e postos a disposición polo Concello.

6. Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento esíxao ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, o Concello poderá solicitar de maneira motivada o cotexo das copias achegadas polo interesado, para o que poderá requirir a exhibición do documento ou da información orixinal.

## TÍTULO VII. NORMAS SOBRE ORGANIZACIÓN

Artigo 41. Órganos competentes.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Corresponde ao Pleno a aprobación da presente Ordenanza e as súas modificacións, así como de todos os instrumentos normativos e de planificación estratéxica en materia de administración electrónica, con excepción do previsto no artigo seguinte.

**Artigo 42. Habilitación competencial.**

A presente Ordenanza habilita á Alcaldía para aprobar cantas disposicións de desenvolvemento sexan precisas para a súa mellor aplicación.

**DISPOSICIÓN ADICIONAIS**

Primeira. Actas audiovisuais.

1. Poderán gravarse as sesións que celebren os órganos colexiados do Concello.

2. Cando se optou pola gravación das sesións celebradas ou pola utilización de documentos en soporte electrónico, deberán conservarse de forma que se garanta a integridade e autenticidade dos ficheiros electrónicos correspondentes e o acceso aos mesmos por parte dos membros do órgano colexiado.

3. O ficheiro resultante da gravación, xunto coa certificación expedida polo Secretario da autenticidade e integridade do mesmo, e cantos documentos en soporte electrónico se utilizasen como documentos da sesión, poderán acompañar á acta das sesións, sen necesidade de facer constar nela os puntos principais das deliberacións.

4. A Acta audiovisual define un documento electrónico e multimedia, composto polo menos polos seguintes elementos:

- Documento audiovisual ou vídeo coa gravación de todo o ocorrido na sesión ou reunión. Este documento recolle a literalidade das intervencións de cada un dos oradores e vincúlase co documento electrónico de forma enlazada a través da pegada electrónica (hash).

- Documento electrónico. Contén os seguintes datos: lugar, data e hora da celebración da sesión; a súa indicación do carácter ordinario ou extraordinario; os asistentes e os membros que se escusaron; así como o contido dos acordos alcanzados, no seu caso, e as opinións sintetizadas máis relevantes dos membros da Corporación que interviñesen nas deliberacións, con expresión do sentido do voto dos membros presentes (acta sucinta). Incluirá a pegada electrónica do documento audiovisual.

- El documento electrónico incluirá a firma electrónica de curso legal da persoa que ostenta a Secretaría da sesión que dota de fehaienciae efectos de Dereito ao documento y certifica a autenticidade e integridade do ficheiro que contén a gravación. Esta firma realízase facendo uso do



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

certificado de firma da dita persoa. No caso dos Plenos o documento electrónico asinarao tamén o seu Presidente.

5. No non previsto na presente disposición, será de aplicación ás Actas audiovisuais o réxime xurídico vixente das Actas.

Segunda. Incorporación e publicidade de novos procedementos e trámites.

A información e difusión actualizada dos procedementos e trámites administrativos susceptibles de tramitación e comunicación electrónica producirase a través da sede electrónica sen prexuízo dos medios de publicidade complementarios que resulten preceptivos ou que se estimen convenientes.

## DISPOSICIÓN FINAIS

Primeira. Regulación de novos procedementos e trámites.

A partir da entrada en vigor da presente Ordenanza calquera regulación que se efectúe de novos procedementos e trámites administrativos, ou modificación dos existentes, deberá contemplar a posibilidade da súa tramitación por medios electrónicos axustándose ás condicións e requisitos previstos nela.

Segunda. Entrada en vigor.

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicado o seu texto íntegro no Boletín oficial da provincia da Coruña e transcorra o prazo previsto no artigo 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.”

TERCEIRO: Someter a dita Ordenanza municipal a información pública e audiencia dos interesados, con publicación no Boletín Oficial da Provincia e taboleiro de anuncios do Concello, polo prazo de trinta días para que poidan presentar reclamacións ou suxestións, que serán resoltas pola Corporación.

Simultaneamente, publicar o texto da Ordenanza municipal na sede electrónica municipal co obxecto de dar audiencia aos cidadáns afectados e solicitar cantas achegas adicionais poidan facerse por outras persoas ou entidades.

De non presentarse reclamacións ou suxestións no mencionado prazo, considerarase aprobada definitivamente sen necesidade de acordo expreso polo Pleno e o Acordo de aprobación definitiva tácita da Ordenanza, co texto íntegro da mesma, publicarase para o seu xeral coñecemento no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia.

## 3.- APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE LARACHA



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno celebrada o 25/09/2023, que se transcribe no seu literal:

<<4.- APROBACIÓN DO I PLAN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA DO CONCELLO DE LARACHA

Dáse lectura á proposta de Alcaldía, “Aprobación do I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello da Laracha”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Asunto: aprobación do I Plan de Infancia e Adolescencia do Concello da Laracha

O Concello da Laracha desenvolve no documento que hoxe se trae a este Pleno, a instancias da Concellaría de Servizos Sociais, o seu I Plan de Infancia e de Adolescencia co que pretende articular o seu compromiso cos dereitos e co benestar dos nenos, nenas e adolescentes do seu municipio. Así, este compromiso precisa de actuacións concretas que melloren, dentro do posible, o benestar e a escoita dos nenos, nenas e adolescentes, cuestións que serán desenvoltas no presente documento.

Tamén, a intencionalidade deste Plan é dobre xa que, ademais do mencionado, pretende ser un paso chave no recoñecemento da Laracha como “Cidade Amiga da Infancia”, selo de recoñecemento de UNICEF para aquelas vilas que desenvolven actuacións e medidas para a promoción dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, recollidos na Convención dos Dereitos do Neno.

Consta no expediente o documento de Diagnose da situación da infancia e adolescencia e así, á vista do exposto PROPOÑO AO PLENO:

PRIMEIRO: aprobar o I Plan de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha.

SEGUNDO: publicar o contido íntegro do Plan na sede electrónica municipal a efectos do seu coñecemento xeral.”

Sométese a proposta a votación, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, por UNANIMIDADE dos membros presentes>>

A Presidencia abre a quenda para o debate:

Toma a palabra D<sup>a</sup>. Inés Ramos, concelleira do PSOE, indica que están de acordo coa proposta de cara ao futuro, de aí que o seu voto sexa favorable, pero que como persoa nova que é, representa hoxe aquí a mocidade da Laracha, e sobre todo, como estudante non fai tanto tempo do CEIP Otero Pedraio e do IES Agra de Leborís, espera que todas as medidas propostas se leven a cabo a pesares de que deberían estar xa superadas.

De seguido di, que tal e como establece o artigo 27 da CE todos teñen o dereito a educación, e en conxunción co artigo 14 do mesmo corpo legal, ese dereito a de ser desenvolto en termos de igualdade. Unha igualdade da que os adolescentes da Laracha con capacidades diferentes non desfrutan, pois vense privados de espazos recoñecibles e seguros para poder desfrutar das



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

actividades ofrecidas igual que o resto de persoas, entre outros moitos exemplos. Non van a profundar máis, pero todos saben o que ocorre neste concello.

Finalmente comenta que esperan que estas medidas que aproban hoxe, sirvan para crear un concello para a xuventude, máis humano, un concello para as persoas e inclusivo.

Responde o Sr. Alcalde afirmando que xa sabe que é a súa primeira intervención, pero todos son corporativos, quere que a concelleira lle aclare que ocorre en Laracha

Intervén de novo a concelleira Inés Ramos, comentando que falta profesorado, as persoas con dificultades non teñen a mesma igualdade, como exemplo destaca os accesos, as actividades extraescolares...

Considera o Sr. Alcalde que a competente é a Consellería de Educación e dende o concello faise o posible porque todos poidan desfrutar, o concello é pioneiro na provincia con este Plan, noutros concellos non se atreven a facelo. Dáse voz á infancia e adolescencia

Concluídas as intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes, o seguinte ACORDO:

**PRIMEIRO:** aprobar o I Plan de Infancia e de Adolescencia do Concello da Laracha.

**SEGUNDO:** publicar o contido íntegro do Plan na sede electrónica municipal a efectos do seu coñecemento xeral

#### 4.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR.

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno, celebrada o 25/09/2023, que se transcribe no seu literal:

<<5.- SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR.

Dáse lectura á proposta de Alcaldía, “Solicitud de subvención nominativa á Deputación da Coruña para a renovación expositiva do centro de interpretación dos muíños de auga da Costa da Morte de Golmar”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA

SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN NOMINATIVA Á DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA A RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR.

Por esta Alcaldía viuse a necesidade de realizar a renovación expositiva do o Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte de Golmar dende unha triple perspectiva



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

conceptual, formal e funcional ofrecendo así unha experiencia máis completa e enriquecedora aos visitantes.

O Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte atópase dende o ano 2009 no interior da casa reitoral de Golmar e constitúe un dos principais espazos museográficos da comarca de Bergantiños. Situado na parroquia de san Bieito de Golmar, no Concello da Laracha.

Despois de máis de trece anos dende a súa apertura a instalación precisa dunha actualización dos seus contidos museográficos, tanto en relación á información que ofrecen como o formato no que se presenta, xa que é unicamente en paneis fixos, sen contar con ningún tipo de material audiovisual ou interactivo. Modernizar e remusealizar o centro desde unha tripla perspectiva conceptual, formal e funcional ofrecería unha experiencia máis completa e enriquecedora aos visitantes, faríao máis atraínte aos turistas e, por tanto, sería tamén un impulso para a actividade económica dunha parroquia rural como é Golmar e o seu entorno.

A excepcionalidade e singularidade da actividade ven determinada por que dito Centro xurde no marco do Plan de Dinamización Turística da Costa da Morte (2003), no que promoveuse a rehabilitación e musealización deste lugar, tras un acordo co Arcebispo de Santiago de Compostela. Aquel proxecto permitiu recuperar unha edificación do século XIX de alta calidade e importancia histórica para Golmar, e poñer a parroquia no mapa cultural e turístico galego por contar cun museo centrado na posta en valor dos muíños de auga destacando a súa riqueza etnográfica e patrimonial. Ademais durante estes anos o museo acolleu centos de visitantes e tamén albergou diversidade de iniciativas culturais e educativas tanto para o público infantil como para o xuvenil e adulto centradas, especialmente, no coidado do medio ambiente e na recuperación da memoria rural do municipio, tan relacionada co campo, a agricultura e, por tanto, cos muíños de auga. Tanto polos contidos do museo como pola programación que alí se desenvolve baixo a organización do Concello, dende 2018 o Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte de Golmar recibiu cada ano o recoñecemento como Centro Azul de Educación Ambiental que outorga a Asociación de Educación Ambiental y del Consumidor (ADEAC).

Polo que con este proxecto o Concello pretende deseñar e materializar na Reitoral de Golmar unha serie de actuacións para que o público visitante, nomeadamente o escolar e familiar, poidan gozar dunha exposición entretida, ofrecendo unha comunicación atractiva e de calidade que xere curiosidade e valores de conservación sobre o noso ben e o medio ambiente.

Obran no expediente:

- Memoria explicativa da Alcaldía na que se xustifican as distintas razóns de interese público de carácter social, económico e humanitario e a excepcionalidade e singularidade do proxecto, polas que a Deputación Provincial, no fomento dos intereses peculiares da provincia, debe contribuír economicamente no desenvolvemento do proxecto de renovación expositiva do Centro de Interpretación dos Muíños de Auga da Costa da Morte de Golmar, e que impiden ou dificultan acollerse a algún dos programas de subvencións de concorrencia competitiva ou plan da Deputación.

- Orzamento detallado incluído na Memoria.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Por todo o anterior e de acordo coa Modificación da Ordenanza xeral de subvencións e outras transferencias da Deputación da Coruña publicada no BOP núm. 150 de 10 de agosto do 2021, propono a adopción do seguinte acordo:

PRIMEIRO.- Solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para financiar o proxecto: RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR, dadas as razóns de excepcionalidade e singularidade do proxecto antes expostas cuxo importe ascende a 48.279,00 IVE incluído e co seguinte coeficiente de financiación:

TOTAL ( IVE incluído)	SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO	IMPORTE SOLICITADO
48.279.00€	100%	48.279.00€

SEGUNDO.- Expresar a intención de acometer a actuación obxecto de solicitude de axuda.

TERCEIRO.- Encomendar ao sr. alcalde, a sinatura de todos os anexos e demais documentos requiridos na Ordenanza reguladora da subvención e para todas as xestións necesarias para a efectividade do presente acordo”

Sométese a proposta a votación, quedando DITAMINADA FAVORABLEMENTE en todos os seus termos a proposta transcrita, por UNANIMIDADE dos membros presentes.>>

A Presidencia abre a quenda para o debate.

Sen intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por UNANIMIDADE dos concelleiros e concelleiras presentes, o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Solicitar á Deputación da Coruña unha subvención para financiar o proxecto: RENOVACIÓN EXPOSITIVA DO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DOS MUÍÑOS DE AUGA DA COSTA DA MORTE DE GOLMAR, dadas as razóns de excepcionalidade e singularidade do proxecto antes expostas cuxo importe ascende a 48.279,00 IVE incluído e co seguinte coeficiente de financiación:

TOTAL ( IVE incluído)	SOLICITUDE DE FINANCIAMENTO	IMPORTE SOLICITADO
48.279.00€	100%	48.279.00€

SEGUNDO.- Expresar a intención de acometer a actuación obxecto de solicitude de axuda.

TERCEIRO.- Encomendar ao sr. alcalde, a sinatura de todos os anexos e demais documentos requiridos na Ordenanza reguladora da subvención e para todas as xestións necesarias para a



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

efectividade do presente acordo

**5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno celebrada o 25/09/2023, que se transcribe no seu literal:

**<<6.- PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023.**

Dáse lectura á proposta de Alcaldía, “Proposta de aprobación da segunda fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal adicional 2/2023”, sometida a ditame, que se transcribe no seu literal:

**“PROPOSTA DE APROBACIÓN DA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL ADICIONAL 2/2023**

**2º FASE DO POS+ADICIONAL 2 /2023**

A Deputación Provincial da Coruña, con data 26 de maio de 2023, aprobou o PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) POS+ 2023, no marco das súas Bases reguladoras aprobadas polo Pleno desta deputación na sesión realizada o 25 de novembro de 2022 e publicadas no Boletín Oficial da Provincia (en adiante BOP) número 228 do 1 de decembro de 2022. No acordo de aprobación do POS+ 2023 inclúense tanto un Plan Base como un Plan Complementario composto polos investimentos financeiramente sostibles solicitados polos concellos de acordo co previsto na Base 4.3. Estes investimentos apróbanse con natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan no caso de que esta deputación así o acorde.

Na 2ª fase incluírase o gasto corrente de servizos públicos obrigatorios devengados no exercicio 2023, distintos dos xa financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron, e/ou os novos investimentos financeiramente sostibles que o concello acorde financiar con cargo ao POS+ Adicional 2/2023, polo que deberá presentarse toda a documentación que se indica máis adiante e o prazo de presentación de documentación desta segunda fase esténdese ata as 15.00 horas do 29 de setembro de 2023.

Realizado o proxecto da obra para incluír no POS+ ADICIONAL 2/2023, e visto o anterior propoño o seguinte acordo ao Pleno da Corporación:

**PRIMEIRO.-** Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2023”** da Deputación



Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados 2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	0

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
<b>TOTAL</b>					0

Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
			(só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable)		



			)		
ACONDICIONAMIENTO DA ESTRADA DE BAIUCA A€ SANTA MARGARITA (Sx 108 y Sx 112) (MONTEMAIOR)	393.135,80	0	0	0	393.135,80
<b>TOTAL</b>	393.135,80 €	0	0	0	393.135,8 0

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

	<b>Concello</b>				
<b>POS+ ADICIONAL 2/2023 2ª FASE</b>	<b>Deputación</b>	<b>Concello</b>	<b>IVE Soportado deducible</b>	<b>Total concello</b>	<b>Orzamento Total</b>
<b>Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base</b>	0	0	0	0	0
<b>Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023</b>	0	0	0	0	0
<b>Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023</b>	393.135,80	€0	0	0	393.135,80
<b>TOTAL</b>	393.135,80	€0	0	0	393.135,80



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**TERCEIRO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.

**CUARTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**QUINTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SEXTO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SÉPTIMO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.”

Sométese a proposta a votación, quedando **DITAMINADA FAVORABLEMENTE** en todos os seus termos a proposta transcrita, por **UNANIMIDADE** dos membros presentes.>>

A Presidencia Abre a quenda para o debate:

Intervén o Sr. Alcalde, di que unha vez que se faga a expropiación, poderán mellorarse os accesos, coma o de Carballo e Cerceda

Concluídas as intervencións, sométese o ditame a votación quedando aprobado por **UNANIMIDADE** dos concelleiros e concelleiras presentes, o seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Participar na segunda fase do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2023”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

**A ) Financiamento de gastos correntes:**

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados	0



2023, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2023 base	
-------------------------------------------------------------------	--

**B ) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles non solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2023:**

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible	Total concello	
<b>TOTAL</b>					0
Investimentos financeiramente sostibles NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. auga potable )	Total concello	
ACONDICIONAMIENTO DA ESTRADA DE BAIUCA A SANTA MARGARITA (Sx 108 y Sx 112) (MONTEMAIOR)	393.135,80 € 0	0	0	0	393.135,80
<b>TOTAL</b>	393.135,80 € 0	0	0	0	393.135,80



Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023 e que se relacionan nesta táboa.

**C) Resumo de financiamento:**

		Concello				
POS+ ADICIONAL 2/2023	Deputación	Concello	IVE Soportado deducible	Total concello	Orzamento Total	
2ª FASE						
Gastos correntes do 2023 distintos dos solicitados no Plan Base	0	0	0	0	0	
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	0	0	0	0	0	
Investimentos novos non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2023	393.135,80 €	0	0	0	393.135,80	
<b>TOTAL</b>	<b>393.135,80 €</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>0</b>	<b>393.135,80</b>	

**SEGUNDO.-** Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

**TERCEIRO.-** Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal do 2023 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2023, se a houbera.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

**CUARTO.-** Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

**QUINTO.-** Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

**SEXTO.-** Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

**SÉPTIMO.-** Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente

**6.- MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DA LARACHA.**

Dáse lectura ao ditame da Comisión Informativa Permanente de Asuntos Xerais do Pleno celebrada o 25/09/2023, que se transcribe no seu literal:

**<<7.- MODIFICACIÓN DO PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTIFRAUDE DO CONCELLO DA LARACHA**

Dáse conta da proposta de Alcaldía, “Aprobación da modificación do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude do Concello da Laracha”, sometida a ditame, que se transcribe o seu literal:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

**Asunto: aprobación da modificación do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude do Concello da Laracha**

O Pleno do Concello da Laracha, en sesión celebrada o 30/09/2022 acordou a aprobación dun PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE. O dito Plan foi publicado no BOP núm. 193, do 11/10/2022.

Considerando as novidades normativas introducidas na materia parece necesario a modificación do Plan Xeral xa aprobado, engadindo así os catro obxectivos principais do Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia e comprometéndose o Concello da Laracha a reforzar unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a conductas irregulares, corruptas ou fraudulentas.





## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia sinala que dita formulación supón o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos ao marco que se define. Nesta liña a Dispón Adicional 112ª da Lei 31/2022, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2023 establece as regras relativas a como efectuar o análise sistemático e automatizado do risco de conflito de interese nos diversos procedementos, regras introducidas nesta modificación do Plan. Incorporando, conforme a normativa europea reguladora do Mecanismo de Recuperación e Resiliencia e as normas aplicables ao orzamento da Unión, a análise sistemática e automatizada do risco de conflito de interese baseándose nunha ferramenta informática de «data mining» e a relación dos procedementos aos que é de aplicación.

Engádesse ademais, a clarificación das definicións de entidades executoras, a designación de órganos responsables das medidas e de órganos xestores de proxectos e subproxectos conforme ao disposto na Orde HAF 1030/2021, do 29 de setembro e na Resolución 1/2022, do 12 de abril, da Secretaría Xeral de Fondos Europeos

E inclúese a Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción que aínda estaba en fase de elaboración no momento de aprobación do Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude

Considerando que o órgano competente para a aprobación da modificación do plan antifraude é o Pleno da Corporación Municipal, **PROPOÑO ao Pleno:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar a modificación do Plan Antifraude do Concello da Laracha, cuxo tenor literal figura como anexo a esta proposta.

**SEGUNDO.-** Que se de traslado do Plan Antifraude a todos os Servizos Municipais para o seu coñecemento e efecto, así como publicar o seu texto íntegro no BOP.

### **ANEXO:**

## **PLAN XERAL DE PREVENCIÓN DE RISCOS E DE MEDIDAS ANTI-FRAUDE DO CONCELLO DA LARACHA**

### **INTRODUCCIÓN: ANTECEDENTES, LIÑAS XERAIS E DEFINICIÓNS.**

#### **1. Antecedentes no compromiso ético do Concello da Laracha.**

Como indica a Real Decreto-lei 36/2020, do 30 de decembro, polo que se aproban medidas urxentes para a modernización da Administración Pública e para a execución do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, tras a declaración pola Organización Mundial da Saúde da pandemia internacional provocada pola COVID-19 e a rápida propagación desta enfermidade, tanto no ámbito nacional como internacional, os Estados membros da Unión Europea adoptaron con rapidez medidas coordinadas de emerxencia para protexer a saúde da cidadanía e evitar o colapso da economía.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Estas medidas destinadas a actuar sobre os factores que inciden na propagación, e que se están estendendo no tempo, están a ter un drástico impacto económico e social no conxunto dos países da Unión Europea, motivando a necesidade de reaccionar de forma rápida e de adoptar medidas urxentes e contundentes co obxectivo de amortecer o impacto desta crise sen precedentes, e impulsar a pronta recuperación económica, sentando as bases do crecemento das próximas décadas.

O Consello Europeo do 21 de xullo de 2020, consciente da necesidade neste momento histórico dun esforzo sen precedentes e dunha formulación innovadora que impulsen a converxencia, a resiliencia e a transformación na Unión Europea, acordou un paquete de medidas de gran alcance.

Estas medidas aúnan o futuro marco financeiro plurianual (MFP) para 2021-2027 reforzado e a posta en marcha dun Instrumento Europeo de Recuperación («Next Generation EU») por un importe de 750.000 millóns de euros. O Fondo de Recuperación garante unha resposta europea coordinada cos Estados membros para facer fronte ás consecuencias económicas e sociais da pandemia.

O Mecanismo para a Recuperación e a Resiliencia (en diante, MRR) constitúe o núcleo do Fondo de Recuperación e está dotado con 672.500 millóns de euros, dos cuales 360.000 millóns destinaranse a préstamos e 312.500 millóns de euros constituiranse como transferencias non reembolsables. A súa finalidade é apoiar o investimento e as reformas nos Estados membros para lograr unha recuperación sostible e resiliente, á vez que promoven as prioridades ecolóxicas e dixitais da UE.

O MRR ten catro obxectivos principais: promover a cohesión económica, social e territorial da UE; fortalecer a resiliencia e a capacidade de axuste dos Estados membros; mitigar as repercusións sociais e económicas da crise da COVID-19 e apoiar as transicións ecolóxica e dixital. Todos eles van dirixidos a restaurar o potencial de crecemento das economías da UE, fomentar a creación de emprego tras a crise e promover o crecemento sostible.

Para alcanzar eses obxectivos, cada Estado membro debe deseñar un Plan Nacional de Recuperación e Resiliencia que inclúa as reformas e os proxectos de investimento necesarios para alcanzar eses obxectivos.

O Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia (en diante, PRTR) da economía española prevé a mobilización de máis de 140.000 millóns de euros de investimento público ata 2026, cunha forte concentración dos investimentos e reformas na primeira fase do plan NGEU, que cobre o período 2021-2023, co fin de impulsar a recuperación e lograr un máximo impacto no noso modelo económico.

O Regulamento (UE) 2021/241 do Parlamento Europeo e o Consello, do 12 de febreiro de 2021, polo que se establece o MRR, define a execución en réxime de xestión directa, de conformidade coas normas pertinentes adoptadas en virtude do artigo 322 do TFUE, en particular o Regulamento Financeiro e o Regulamento (UE, Euratom) 2020/2092 do Parlamento Europeo e do Consello. Esta formulación conleva o deseño de instrumentos específicos e a adaptación dos procedementos ao marco que se define.



**Concello da Laracha**

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Así, a Comisión Europea é directamente responsable de todas as etapas de execución do programa, desde a avaliación dos plans presentados ata a realización dos pagos, así como do control da execución dos programas.

Deste xeito, coa finalidade de facer efectivas as iniciativas expostas no PRTR no prazo definido - entre 2021 e 2026-, as Administracións Públicas españolas deben adoptar múltiples medidas, entre as que se atopan a adaptación dos procedementos de xestión e o modelo de control, xunto á configuración e desenvolvemento dun Sistema de Xestión que facilite a tramitación eficaz das solicitudes de desembolso aos Servizos da Comisión Europea, conforme aos estándares requiridos, tanto desde o punto de vista formal como operativo.

Pola súa banda, a Orde HFP/1030/2021, do 29 de setembro, pola que se configura o sistema de xestión do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, establece a obrigação de toda entidade, decisora ou executora, que participe na execución das medidas do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia de dispoñer dun «Plan de medidas antifraude » que lle permita garantir e declarar que, no seu respectivo ámbito de actuación, os fondos correspondentes utilizáronse de conformidade coas normas aplicables, en particular, no que se refire á prevención, detección e corrección da fraude, a corrupción e os conflitos de intereses (art.6.1 Orde HFP/1030/2021).

Sobre a xestión de fondos públicos sempre pende unha ameaza ou risco de que os axentes implicados poidan incorrer en condutas irregulares ou mesmo fraudulentas, polo que cómpre seguir as prácticas que se están a impor no seo da Unión Europea e no conxunto dos países da nosa contorna, reforzando as medidas preventivas, aplicando sistemas de detección e, no seu caso, aplicando con rigor procedementos de corrección, de xeito que no caso de que se aprecien usos irregulares ou fraudulentos, se recobren para o erario público os fondos mal aplicados no prazo máis breve posible.

A Deputación Provincial da Coruña aprobou o 23 de xuño de 2022 o Plan Xeral de Prevención de Riscos e de Medidas Anti-fraude da Deputación da Coruña, ao cal este concello pretende adherirse tomando como modelo o Plan citado, publicado no BOP núm. 125, do 4 de xullo de 2022.

Con base no que antecede, o Concello da Laracha elabora o Plan de medidas antifraude do Concello da Laracha.

## **2. Liñas xerais de actuación anti-fraude: creación dun órgano específico, divulgación e formación.**

O Concello da Laracha comprométese a reforzar unhas prácticas que non deixen ningunha marxe de actuación a condutas irregulares, corruptas ou fraudulentas.

Neste nobre afán que agora se declara, non só se pretende manter unha vinculación positiva co Principio de Legalidade en toda a xestión pública, senón que se vai a promover un grao adicional de compromiso moral, sensibilizando e procurando adherir aos principios de obxectividade, integridade e honestidade ao conxunto de persoas que participan na xestión en distintas posicións xurídicas: cargos representativos, persoal funcionario e laboral, contratistas, persoas beneficiarias de subvencións e en síntese ao conxunto da cidadanía.



## Concello da Laracha

Praza do Concello, s/n - 15145 A Laracha - A Coruña

Tlf.: 981 605 001 / Fax: 981 606 331

Sede Electrónica: <https://sede.alaracha.es>

R.E.L. Nº 01150413

C.I.F. P-1504200-E

[www.alaracha.es](http://www.alaracha.es)

Para conseguir o obxectivo proposto, preséntase este Plan xeral de prevención de riscos na xestión económico-financeira e de medidas anti-fraude, de recibir a aprobación do Pleno corporativo, será publicado no Boletín Oficial da Provincia e no Portal de transparencia desta Corporación sito na nosa sede electrónica <https://sede.alaracha.gal>.

A divulgación mediática e xeral coñecemento son un primeiro paso para a xeración de bos propósitos e sensibilización cos valores anteriormente citados, se ben, a súa efectividade e plena aplicación conseguírase co traballo e dedicación do Comité anti-fraude do Concello da Laracha, órgano específico que se crea neste Plan, para avaliar e mellorar de xeito continuo as medidas preventivas, detectar posibles incumprimentos e levar a cabo procedementos de natureza correctora. O persoal empregado público que asuma esta función realizará estes cometidos con plena autonomía e independencia, de xeito que se evite de antemán calquera posible interferencia que poida pór en dúbida o carácter obxectivo dos seus informes e acordos. Do exercicio axeitado das súas funcións renderá contas perante o Pleno da Corporación e colaborará eficazmente co Servicio Nacional de Coordinación Antifraude creado pola Intervención General del Estado (IGAE) e mesmo coa Oficina Europea de Lucha Contra el Fraude (OLAF).

### 3. Definicións de fraude e corrupción.

